



## CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE COBRO DE TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS

En Lugo, o 25 de marzo de 2009

### REUNIDOS

Dunha parte,

O Excmo. Concello de Lugo, (en diante “o **CONCELLO**”) con enderezo en Praza Maior 1 de Lugo, representado neste acto por José Clemente López Orozco, maior de idade e con NIF P-2702800J, en calidade de Alcalde.

E, da outra parte,

CAIXA D’ESTALVIS I PENSIONS DE BARCELONA, “la Caixa” (en diante “**la Caixa**”) con enderezo na avenida Diagonal, 621-629 de Barcelona e, representada neste acto por Marc Arthur Benhamou Gallego, maior de idade e con NIF G-5889999/8, en calidade de Delegado Xeral da Caixa en Galicia.

Para os efectos deste documento, o Concello e “la Caixa” serán designados conxuntamente como “as **Partes**” e individual e indistintamente como “a **Parte**”, ou por medio da súa propia denominación.

Ambas partes, recoñecéndose mutuamente capacidade legal para contratar e obrigarse por medio deste documento, e manifestando ter vixentes os seus poderes e ser suficientes para obrigar ós seus representados,

### MANIFESTAN

- I. Que o CONCELLO, dentro do ámbito das competencias conferidas en materia tributaria de acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de facendas locais, leva a cabo a xestión integral e recadación dos tributos, contribucións especiais, taxas e prezos públicos que lle son propios de conformidade coas citadas leis e as ordenanzas municipais que as desenvolven.
- II. Que, de acordo coas ditas normas, o CONCELLO ten a facultade de solicitar a asistencia e a colaboración doutras entidades para ampliar e axilizar o seu sistema de recadación e cobro de tributos e prezos públicos.



- III. Que “la Caixa”, como entidade financeira de primeira orde, dispón da especialización así como dos recursos materiais e humanos necesarios para prestar a asistencia no cobro antes mencionada, e está interesada en poñer a súa infraestrutura a disposición do CONCELLO con este fin.
- IV. Que, en consecuencia, ambas partes, libre e espontaneamente, acordan a formalización deste **Convenio de colaboración para a prestación de servizos de cobro** (en diante o “convenio”) con suxeición ós pactos e ás condicións seguintes:

## PACTOS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos e condicións nos que “la Caixa” levará a cabo, a favor do CONCELLO, o servizo de cobro e outros servizos adicionais ó cobro dos tributos e prezos públicos propios do CONCELLO, a fin de facilitarlles ós contribuíntes os trámites e o pagamento das súas obrigas tributarias co CONCELLO. Tamén é obxecto deste convenio establecer os dereitos e obrigas recíprocos de ambas partes.

En virtude deste convenio, “la Caixa” constitúese na entidade de depósito colaboradora na recadación do CONCELLO conforme á normativa do procedemento establecido pola Norma do caderno 60 da AEB e ós acordos que decidisen os órganos municipais correspondentes.

### 2. SERVIZOS E OBXECTO DA COLABORACIÓN

- 2.1. Os servizos que o CONCELLO encarga a “la Caixa”, que acepta (en diante os “servizos”), irán dirixidos a facilitar a recadación e o cobro ós contribuíntes dos impostos, taxas, prezos públicos e contribucións especiais do CONCELLO e demais ingresos de dereito público.
- 2.2. Os servizos comprenden:
- (i) Cobro ós contribuíntes dos tributos e prezos públicos indomiciliados que se detallan no **anexo I** deste convenio.
  - (ii) Servizos adicionais ó cobro dos tributos e prezos públicos indomiciliados levando a cabo as tarefas que se detallan no **anexo II** deste convenio.
- 2.3. Os servizos comprenden tamén o mantemento dos datos a disposición do CONCELLO para responder ás peticións de información e resolución das incidencias que se puidesen producir, durante un período de 5 (cinco) anos contados desde a data de finalización do período voluntario de pagamento.



### **3. CONDICIÓN APLICABLES Á PRESTACIÓN DOS SERVIZOS**

- 3.1. “La Caixa” levará a cabo os servizos mencionados utilizando as súas propias canles, medios e infraestrutura, sen prexuízo da asistencia continuada que poida prestar o CONCELLO, e con suxeición ós límites e ás condicións establecidas pola normativa aplicable en materia tributaria, e non serán delegables aquelas tarefas e xestións que a dita normativa encomenda en exclusiva ó CONCELLO.

En ningún caso “la Caixa” será responsable nin asumirá a posición do CONCELLO para cos contribuíntes por defectos ou anomalías na xestión tributaria, nin será responsable nin asumirá as obrigas de liquidación e pago que a normativa esixe dos contribuíntes para co CONCELLO.

- 3.2. En especial, e para os efectos de levar a termo as tarefas obxecto dos servizos, o CONCELLO outorga a favor de “la Caixa” un dereito de uso non exclusivo, gratuíto e intransferible sobre os sistemas, aplicacións informáticas, bases de datos e outros programas protexidos por dereitos de propiedade intelectual que sexan precisos para a execución e desenvolvemento dos servizos, así como sobre os logotipos, distintivos, nomes de dominio, nomes identificativos e calquera outro elemento sobre o que recaian dereitos de propiedade industrial para a súa incorporación nos documentos e información vinculada ós servizos, tanto en soportes físicos como telemáticos.
- 3.3. Calquera modificación, substitución ou ampliación dos servizos ou dos tributos ou prezos públicos obxecto deles, deberá ser previa e expresamente establecida de mutuo acordo por ambas partes e incorporada mediante anexo a este convenio con indicación expresa da data de entrada en vigor e a vixencia, con total suxeición en calquera caso á normativa aplicable en materia tributaria e administrativa.

### **4. CANLES DE PAGAMENTO**

- 4.1. En virtude deste convenio, para a prestación dos servizos, “la Caixa” pon a disposición dos contribuíntes para o pagamento dos tributos e prezos públicos indomiciliados que lle sexan esixibles, indicados no **anexo I** deste convenio, as seguintes canles:

(i) Rede territorial de oficinas de “la Caixa” segundo o que se detalla no **anexo III** deste convenio.

(ii) Terminais de autoservizo “ServiCaixa” segundo o que se establece no **anexo IV** deste convenio.



(iii) Servizo de banco a distancia de "la Caixa" "Línea Abierta" segundo o que se establece no **anexo V** deste convenio.

(iv) Internet a través do portal de "la Caixa), "Liña aberta" segundo o que se establece no anexo VI deste Convenio.

## **5. MEDIOS DE PAGAMENTO**

- 5.1 Os medios que se poderán utilizar para o pagamento das obrigas tributarias, a través das canles indicadas na cláusula anterior, son os que se establecen nos anexos tamén indicados na dita cláusula.
- 5.2. A aceptación por parte de "la Caixa" de calquera dos medios de pagamento enumerados nas canles relacionadas na **cláusula 4** anterior quedará condicionada polos termos previstos na normativa propia de "la Caixa", as políticas, usos e lexislación do sector de entidades bancarias e o previsto na lexislación de tipo tributario e administrativo que puidera ser de aplicación neste convenio.

## **6. OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DE "la Caixa"**

- 6.1 "La Caixa" comprométese a aplicar o grao de dilixencia que lle sexa esixible e a manter a continuidade e dispoñibilidade dos servizos nos termos mencionados nas **cláusulas 2.2, 3.1 e 3.2**, dentro do ámbito do seu control razoable, pero declina calquera responsabilidade derivada da falta de dispoñibilidade do servizo e/ou do seu funcionamento defectuoso cando estas circunstancias se deban a algunha das causas seguintes:
  - (a) Errores, omisións, virus informáticos ou accesos indebidos á información e os datos transmitidos telematicamente, así como os danos producidos no servidor de "la Caixa" polo seu eventual ou deficiente funcionamento que afecten á calidade do servizo, que sexan consecuencia dos problemas técnicos e de comunicación non imputables a "la Caixa" ou que puidese estar fóra do seu control razoable, ou que fosen consecuencia de erros de seguridade nas redes de telecomunicacións ou fallos na subministración da rede eléctrica, ou, en xeral, os orixinados por causa de forza maior e/ou caso fortuíto.
  - (b) Errores ou deficiencias de seguridade que puidesen producirse pola utilización por parte da persoa usuaria dun navegador cuxa versión non estea actualizada.
  - (c) Falta de veracidade, integridade ou actualidade dos datos facilitados polo CONCELLO.



- (d) Duplicidade de ordes de pagamento ou calquera outro cargo indebido ás contas das persoas contribuíntes.
  - (e) Uso indebido por parte de terceiros non autorizados de datos e información vinculada ó pagamento e cumprimento dos deberes tributarios, e ó resto dos servizos obxecto deste convenio para os que se usen claves de acceso e/ou firmas.
- 6.2. “La Caixa” non será responsable cando (i) o CONCELLO incumprise calquera das súas obrigas de información ou pagamento previstas nas **cláusulas 7 e 9** respectivamente, ou calquera dos requisitos normativos, técnicos ou operativos vinculados á prestación dos servizos, (ii) en relación coas canles previstas na **cláusula 4 (ii), (iii) e (iv)** para levar a cabo operacións de mantemento técnico e control do funcionamento dos servizos, comprometéndose “la Caixa”, sempre que sexa posible, a avisar previamente ó CONCELLO cunha antelación razoable.

Por outra parte, “la Caixa” queda facultada para non atender peticións das persoas contribuíntes se tivese dúbidas razoables sobre a identidade da persoa que ordena o pagamento ou sobre a licitude ou veracidade da operación solicitada, e non lle será esixible, por este motivo, ningunha responsabilidade.

## **7. OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DO CONCELLO**

- 7.1. O CONCELLO obrígase a manter puntual e debidamente informada a “la Caixa”, achegándolle toda a documentación necesaria, sobre as condicións, procedementos e requisitos aplicables ás tarefas obxecto dos servizos, se houberse imperativos legais que esixisen modificacións, substitucións, adicionais ou eliminacións sobre o previsto neste convenio, e a asistila en todas as consultas que poidan presentarse no proceso de recadación tributaria.

Neste sentido, o CONCELLO tamén estará obrigado a informarlles ás persoas contribuíntes, a través dos medios e canles que crea oportunos, sobre a condición de “la Caixa” como entidade colaboradora e tamén sobre os servizos que esta pon á súa disposición para que cumpran coas súas obrigas tributarias.

- 7.2. Ademais das responsabilidades asumidas polo CONCELLO en virtude da cláusula 8 seguinte, o CONCELLO libera de toda responsabilidade a “la Caixa” e obrígase a mantela indemne de calquera reclamación que puidese serlle presentada por parte da persoa contribuínte ou de terceiros, derivada e/ou relacionada co procedemento de recadación e cobro e con calquera dos servizos previstos neste convenio cando o servizo por parte de “la Caixa” se levase a cabo coa debida dilixencia e baseándose na información e as instrucións proporcionadas polo CONCELLO.



7.3. O CONCELLO comprométese a admitir a retrocesión de importes mediante cargo a calquera das súas contas abertas en "la Caixa" cando se reclamase unha operación e os pagamentos se efectuasen cunha tarxeta mediante calquera das canles nas que non se produza unha presentación física ou identificación electrónica da tarxeta, durante un período de trescentos sesenta e cinco (365) días contados desde a data de pagamento da operación reclamada.

## **8. CONFIDENCIALIDADE E DATOS PERSOAIS**

### **8.1 Confidencialidade**

Ambas partes comprométese a preservar baixo a máis estrita confidencialidade e secreto toda a información que se subministren mutua e reciprocamente en cumprimento deste convenio ou a derivada da súa execución, a excepción daquela que pola súa propia natureza tivese a consideración de información pública.

### **8.2. Comunicación de datos segundo o art. 11.2.C LOPD**

Tal e como se indicou no parágrafo anterior, para prestarlle ó CONCELLO algúns dos servizos que se mencionan neste convenio e nos seus anexos, por exemplo o cobro de recibos domiciliados a solicitude do contribuínte, o CONCELLO comunicaralle a "la Caixa" os datos de carácter persoal referentes ás persoas contribuíntes, incluídas as bases de datos indicadas no parágrafo anterior que sexan necesarias para o desenvolvemento, cumprimento e control dos servizos obxecto deste convenio.

Os referidos datos integraranse en ficheiros, dos cales "la Caixa" é responsable, para tratalos coa única e exclusiva finalidade de cumprir co servizo de que se trate. "La Caixa" non os comunicará a outras persoas, excepto a aquelas nas que a natureza do servizo implique necesariamente a dita comunicación. Neste caso a comunicación limitarase á finalidade expresada.

En relación cos datos recibidos do CONCELLO, "la Caixa" comprométese: (i) a manter o segredo profesional sobre eles; (ii) a non utilizalos en ningún caso para finalidades distintas do servizo para o cal se recibisen; (iii) a aplicar as medidas de seguridade legalmente esixibles.

As comunicacións ou transmisións de datos de carácter persoal que faga o CONCELLO a "la Caixa" levaranse a cabo observando as medidas de seguridade que sexan aplicables de conformidade co que dispón o Regulamento de medidas de seguridade de ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo R. d. 1720/2007, do 21 de decembro, que desenvolve a LOPD, de forma que quede garantida a seguridade dos datos.



O CONCELLO declara e garante a “la Caixa” que cumpre e cumprirá coas obrigas que establece a LOPD e coas súas disposicións de desenvolvemento ó solicitar, tratar e comunicar os datos persoais a que se refire este acordo. Así mesmo, declara que cumpre coas medidas de seguridade establecidas no R. d. 1720/2007, do 21 de decembro, polo cal se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

“La Caixa” declara e garante que cumpre e cumprirá coas disposicións da LOPD e a lexislación de desenvolvemento para o tratamento dos datos persoais que lle sexan comunicados polo CONCELLO cos fins mencionados neste convenio. Así mesmo, declara que inscribiu no Rexistro da Axencia de Protección de Datos cuxos ficheiros é titular, e manifesta que cumpre coas medidas de seguridade establecidas no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

### **8.3 Tratamento de datos por conta do CONCELLO de acordo co art. 12 LOPD**

Así mesmo, e tal e como se indica no parágrafo 8.2 anterior, no caso de que en cumprimento deste convenio, para a presentación ó CONCELLO ou para o desenvolvemento dos servizos adicionais ó cobro descritos no **anexo II** deste convenio, “la Caixa” trate os datos contidos nas bases de datos indicadas no mencionado parágrafo 8.2 anterior, por conta do CONCELLO, realizarase de acordo co seguinte, de conformidade co establecido no artigo 12 LOPD:

“La Caixa” tratará os datos conforme ás instrucións do CONCELLO e absterase de efectuar ningún tratamento, xa sexa de gravación, reprodución, uso, conservación, etc., destes para fins distintos do estrito cumprimento deste convenio. Esta prohibición afecta tanto ós datos contidos en documentos de papel coma ós contidos en calquera tipo de soporte electrónico, magnético, analóxico ou dixital, así coma ós obtidos por medios telemáticos. En ningún caso poderá comunicar a terceiros, nin tan só para a súa conservación, os ditos datos nin os ficheiros que os conteñan.

“La Caixa” obrígase a adoptar e a manter as medidas de carácter técnico e de organización necesarias para garantir a seguridade dos datos e evitar a súa alteración, perda e tratamento ou acceso non autorizado, segundo o nivel de seguridade esixible de conformidade co establecido no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, e en calquera outro que o modifique o substitúa no futuro. Estas medidas refírense ós ficheiros, centros de tratamento, locais, equipos, sistemas, programas e persoas que interveñan no tratamento. Salvo no caso excepcional de que sexan aplicables as medidas de nivel alto, “la Caixa” aplicará as medidas de seguridade dos niveis básicos e medio definidos no Real decreto antes mencionado e que se estipulan no **anexo VII**, “Cláusulas de seguridade”.





As referencias legais contidas nesta cláusula entenderanse substituídas por aquelas que correspondan ás disposicións legais que no futuro as complementen, amplíen ou modifiquen, así como adaptado e substituído o convido neste acordo polo que da lexislación mencionada resulte imperativamente de aplicación, sen necesidade de subscribir entre as partes un novo documento que modifique ou substitúa este.

## **9. PROPIEDAD INDUSTRIAL**

No caso de que se contraten as canles de pagamento de banco a distancia e/ou Internet indicados na **cláusula 4** anterior e nos **anexos V e VI**, respectivamente, “la Caixa” confire ó CONCELLO unha licenza de uso non exclusiva, intransferible e referida ó tempo de vixencia deste convenio, sobre os logotipos, marcas, imaxes e nomes comerciais que se detallan no **anexo VIII** do dito convenio, dos cales é propietaria ou licenciataria, para que o CONCELLO os incorpore á súa páxina web na URL [<http://www.lugo.es>] coa única e exclusiva finalidade de servir de enlace ou link ó portal de “la Caixa” na URL que “la Caixa” lle indique.

Calquera outro uso dos logotipos, marcas ou signos distintivos indicados no parágrafo anterior, e reproducidos no **anexo VIII**, diferente do establecido neste convenio, requirirá a aceptación previa e por escrito de “la Caixa”. Así mesmo, calquera uso indebido destes logotipos, marcas ou signos distintivos por parte do CONCELLO, atribuirá a “la Caixa” o dereito a solicitar a resolución deste convenio, sen prexuízo de todas as accións ou responsabilidades que se lle poidan esixir pola dita infracción.

## **10. RETRIBUCIÓN E FACTURACIÓN**

Como retribución polos servizos adicionais prestados conforme ó que se prevé no pacto 2.2 (ii) servizos adicionais e no **anexo II** deste convenio, e atendendo ó tipificado no anexo X, o servizo non será remunerado.

## **11. DURACIÓN**

11.1. Este convenio entrará en vigor na data da súa firma por ambas partes e permanecerá vixente durante un prazo de un ano, e poderá ser prorrogado tácita e indefinidamente por períodos anuais sucesivos, sempre que ningunha das dúas partes manifesten a súa vontade de resolvelo mediante comunicación notificada á outra polo menos 6 meses antes da data na que a dita resolución deba causar efecto.

11.2. Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, ambas partes poderán resolver conxuntamente ou de forma unilateral este convenio, en calquera momento, no caso de que se produzan modificacións legislativas, políticas ou operativas que afecten á continuidade dos servizos nos mesmos termos e condicións





establecidas neste convenio.

## **12. INTEGRACIÓN CONTRACTUAL**

Este convenio está integrado por este documento mais os anexos que se lle xuntan, así como os que poidan xuntarse no futuro e que terán que ir sempre subscriptos todos e cada un deles polas dúas partes.

## **13. LEI APLICABLE E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio rexerese e interpretarse de acordo co dereito español. Para o exercicio de cantas accións, excepcións e incidencias poidan corresponder ás partes por razón do convenio ou polas leis que lle sexan aplicadas, tanto substantivas como de procedemento, os que interveñen sométense expresamente ós xulgados e tribunais da cidade de Barcelona, con renuncia ó seu propio foro e domicilio se fosen outros.

E como proba de conformidade co contido deste documento, que os comparecentes aceptan no respectivo interese con que actúan, firman este convenio por duplicado,

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



## ANEXO I- TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS

**(i) Tributos e prezos públicos en cobro e demais ingresos de dereito público en cobro**

**(ii) Tributos e prezos públicos polos que se prestarán os servizos adicionais descritos no anexo II deste convenio**

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



## **ANEXO II- TAREFAS INCLUÍDAS NOS SERVIZOS ADICIONAIS Ó COBRO DE TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS**

### **(i) Cobro de avisos de pagamento en “la Caixa”**

Desde a data de inicio e ata o derradeiro día establecido para o pagamento atenderase o cobro das notificacións cando se presenten nos portelos das oficinas de “la Caixa”.

O pagamento tamén se poderá facer nos terminais de autoservizo “ServiCaixa”. Para iso imprimírase, adicionalmente, un código de barras nos avisos de pagamento.

Este sistema permite ampliar considerablemente os horarios habilitados para o pagamento de tributos.

As oficinas cobradoras reflectirán nos documentos de pagamento, como xustificante, unha certificación mecánica ou o selo da oficina e a firma para que teña poder liberador. Nos cobros feitos a través de “ServiCaixa” expedirase xustificante de pagamento, con poder liberatorio, que incorpora un código de seguridade.

Os cobros feitos por “la Caixa” actualizan *on-line* a base de datos de cada tributo. Desta maneira pódense facer consultas instantáneas dos ditos cobros desde o Concello e a través da “Línea Abierta”.

Polo Concello  
O ALCALDE

Por “la Caixa”  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



**ANEXO III- PAGAMENTO A TRAVÉS DA REDE TERRITORIAL DE  
OFICINAS DE «LA CAIXA»**

**(i) Procedemento para o pagamento**

En calquera oficina de "la Caixa" mediante a exhibición do correspondente aviso de pagamento.

**(ii) Medios de pagamento**

1. Diñeiro en efectivo en euros
2. Cargo nun depósito de "la Caixa"
3. Mediante cheque bancario

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



## **ANEXO IV- PAGAMENTO A TRAVÉS DOS CAIXEIROS MULTISERVIZO** **“SERVICAIXA”**

### **(i) Procedemento para o pagamento**

Mediante a captura óptica da información a través do código de barras contido no documento de pagamento, ou ben tecleando os datos dos recibos de forma manual.

### **(ii) Medios de pagamento**

- 1- Cargo nun depósito de “la Caixa”
- 2- Mediante tarxeta financeira de débito/crédito, propia e/ou allea sen custo ningún.

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



## **ANEXO V- PAGAMENTO A TRAVÉS DE “LÍNEA ABIERTA”**

### **(i) Procedemento para o pagamento**

Esta canle de pagamento só poden usala os clientes de “la Caixa” que teñan contratado o servizo de “línea aberta”, logo da identificación electrónica e sinatura con uso das claves que teñan asignadas.

Poderase acceder ó servizo de “línea aberta” a través do portal de “la Caixa” ou a través da URL do Concello mediante un enlace ó portal de “la Caixa”.

### **(ii) Medios de pagamento**

- 1- Cargo nun depósito de “la Caixa”
- 2- Mediante tarxeta financeira de “la Caixa”

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



## ANEXO VI- PAGAMENTO A TRAVÉS DE INTERNET

### **(i) Procedemento de pagamento**

Poderase realizar a través do portal de "la Caixa" ao cal se accederá directamente ou a través da URL do CONCELLO mediante un enlace ou link.

### **(ii) Medios de pagamento**

Mediante tarxeta financeira de *débito/crédito, propia e/ou allea*.

### **(iii) Pactos**

"la Caixa" preparará unhas páxinas de Internet dedicadas expresamente ao servizo. Por medio destas páxinas atenderanse as operacións dos contribuíntes do CONCELLO que desexen realizar o pagamento das Autoliquidacións, Tributos, Prezos Públicos e demais ingresos de dereito público.

O servizo estará dispoñible as 24 horas do día, os 365 días do ano, (agás nos períodos de mantemento técnico dos equipos informáticos). Este horario poderase revisar de común acordo entre as partes e adaptalo á demanda existente.

O CONCELLO incorporará, na medida en que sexa factible, o servizo previsto neste Convenio en todos os medios que utilice regularmente para comunicar aos contribuíntes as alternativas de que dispoñen para cumprir as súas obrigas fiscais.

"la Caixa" achegará todo o software e hardware para poder atender as operacións dun xeito eficiente.

Para o pagamento das Autoliquidacións, Tributos, Prezos Públicos e demais ingresos de dereito público obxecto deste convenio admitiranse as tarxetas seguintes: Visa-Classic, Visa-Ouro, Visa-Electron, Mastercard e Eurocard. Tamén se aceptarían as tarxetas affinities. Neste sentido, "la Caixa" resérvase o dereito de suspender a aceptación de tarxetas alleas (as emitidas por outras entidades) se así aconséllano razóns de seguridade e/ou de redución da fraude, logo de acordo con CONCELLO.

O procedemento establecido para o pagamento será o seguinte:

O sistema de Internet pedirá ao usuario os datos identificativos da notificación, necesarias para o pagamento da Autoliquidación ou do Tributo.

O sistema informático verificará a vixencia do cobramento e solicitará autorización para o pagamento, mediante a tarxeta.





Os tributos recadados liquidaranse segundo o sistema establecido no Protocolo, como o resto de impostos do CONCELLO, de acordo ao Caderno 60. No soporte utilizado especificaranse de xeito unívoco os impostos recadados polo servizo.

O CONCELLO remitirá ao contribuínte un certificado xustificativo do pagamento da Autoliquidación, Tributo, Prezos Públicos e demais ingresos de dereito público, especificando o sistema de pagamento utilizado.

**"la Caixa" obrígase e compromete a utilizar toda a información que reciba na utilización deste servizo exclusivamente para levar a bo fin os termos obxecto do presente convenio.**

Polo Concello"  
O ALCALDE

Pola Caixa  
DELEGADO XERAL DA CAIXA  
EN GALICIA

Fdo. José C. López Orozco

Fdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



## ANEXO VII- CLÁUSULAS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA

### (i) Obxectivos e ámbito do anexo

O obxectivo das normas e procedementos de actuación descritos nestes documentos é proporcionarlle á empresa propietaria dos datos persoais (en diante EMPRESA) a garantía de que a CAIXA D'ESTALVIS I PENSIONS DE BARCELONA (en diante "la Caixa"), actuando como prestadora de servizos de tratamento de datos, tratará os seus datos de maneira que se evite a súa alteración, perda e tratamento ou acceso non autorizado.

As ditas cláusulas de seguridade obrigan a "la Caixa" e a todo o seu persoal que trate datos de carácter persoal propiedade de EMPRESA ó cumprimento e aplicación do Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, para que os datos dispoñan do nivel de seguridade necesario.

O cumprimento das ditas normas no que se refire ó ámbito obxecto do contrato será responsabilidade única e exclusiva de "la Caixa".

De existir subcontratación por parte de "la Caixa" dos servizos encomendados no contrato do que forma parte este anexo, esta informará previamente á EMPRESA, para a súa aprobación, a identidade do cesionario, o cal estará suxeito a cumprir as mesmas medidas de seguridade descritas neste documento.

### (ii) Medidas de seguridade para adoptar por "la Caixa" no tratamento de datos

"La Caixa", na súa calidade de encargada do tratamento, implantará e manterá nos ficheiros que conteñan datos de carácter persoal, propiedade de EMPRESA ós que teña acceso, as medidas de índole técnica e organizativa oportunas para alcanzar o nivel de seguridade esixible conforme ó establecido no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, e en calquera outra norma que o complementa, modifique ou derroga no futuro.

#### ii.i Medidas de nivel básico

"La Caixa" implantará e manterá unha serie de medidas de seguridade para ser utilizadas no tratamento dos ficheiros automatizados propiedade de EMPRESA.

No tratamento dos ficheiros considerados de NIVEL BÁSICO polo Real decreto 994/1999, as medidas son as que se expoñen a continuación:

##### Funcións e obrigas do persoal

"La Caixa" comprométese e obrígase a formalizar e documentar as normas de carácter interno que regulen as funcións e obrigas do seu persoal, que no



desenvolvemento das súas actividades de *encargado do tratamento*, teña acceso ós datos de carácter persoal propiedade de EMPRESA.

Os medios informáticos e/ou datos persoais de EMPRESA só poderán ser utilizados polos empregados de "la Caixa" para realizar as tarefas que cada un ten encomendadas directamente ou por relación contractual con ela, e non poderán utilizarse para fins particulares no seu propio beneficio ou no doutra persoa o entidade.

"La Caixa" utilizará as medidas necesarias para que o seu persoal con acceso ós datos e/ou sistemas de información propiedade de EMPRESA, coñeza as normas de seguridade aquí descritas que afecten no desenvolvemento das súas actividades, así como as consecuencias do seu incumprimento, mediante as seguintes actuacións:

#### Rexistro de incidencias

"la Caixa" disporá dun rexistro de incidencias no que se relacionarán as anomalías relacionadas coa seguridade dos datos de carácter persoal propiedade de EMPRESA.

O rexistro reflectirá o tipo de incidencia, o momento no que se produciu, a persoa que realiza a notificación, a quen se lle comunica e os efectos que se derivasen dela.

#### Identificación e autenticación

Nos sistemas de información de "la Caixa":

- Os sistemas de información de "la Caixa" que traten e/ou almacenen datos de carácter persoal propiedade de EMPRESA disporán de sistemas que permitan a identificación e autenticación de cada unha das persoas que acceden a eles.
- "La Caixa" comprométese a elaborar e actualizar en todo momento unha relación das persoas usuarias con acceso ós datos propiedade de EMPRESA.
- "La Caixa" como utilizadora dun sistema de palabras clave ou contrasinais como medio para autenticar ós seus usuarios e usuarias, asegura dispor dun procedemento de asignación e distribución destas, almacenándoas de maneira segura e inintelixible para poder preservar a súa confidencialidade así como poder cambialas cunha periodicidade mensual.

#### Control de acceso

"La Caixa" deberá ter implantados os sistemas de protección necesarios para que o persoal teña acceso unicamente a aqueles datos e recursos propiedade de



EMPRESA que precisen para o desenvolvemento das súas funcións.

De acordo con este criterio, cada persoa terá acceso unicamente ós recursos informáticos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo.

O acceso ós recursos informáticos estará garantido baixo o principio da necesidade empresarial de información e actuación de cada persoa na súa conexión ó sistema informático.

A relación actualizada de usuarios con acceso ós datos propiedade de EMPRESA deberá conter o acceso particular autorizado para cada un deles.

Os datos só poderán ser tratados e utilizados para as finalidades previstas no contrato suscrito entre "la Caixa" e a EMPRESA.

#### Xestión de soportes

"La Caixa" comprométese a inventariar e identificar polo seu contido todos os soportes que almacenen datos persoais propiedade EMPRESA, así como a almacenalos en lugar seguro e restrinxido, fóra do alcance de terceiros non autorizados.

#### Copia de respaldo e recuperación

"La Caixa" en cuxos sistemas de información se traten datos persoais propiedade de EMPRESA, comprométese a realizar copias de respaldo e, xurdida unha incidencia, a recuperar os datos necesarios.

#### Réxime de traballo fóra dos locais da localización do ficheiro

"La Caixa" que por necesidades de negocio deba tratar datos de carácter persoal propiedade de EMPRESA fóra dos locais da localización declarada dos ficheiros, deberá garantir o nivel de seguridade correspondente ó tipo de ficheiro tratado.

#### Prazo de implantación

"La Caixa" afirma ter implantadas as referidas medidas de seguridade de nivel básico con anterioridade á entrada en vigor do contrato do que forma parte este anexo, obrígase a mantelos durante toda a súa vixencia.

### **ii.ii Nivel medio**

Nos ficheiros considerados de NIVEL MEDIO polo Real decreto 994/1999, as medidas de seguridade utilizadas por "la Caixa" son as esixidas polo NIVEL BÁSICO, así como as que se expoñen a continuación:



#### Responsable de seguridade

“La Caixa” nomea ó director de seguridade informática para o exercicio das funcións de responsable de seguridade, e por conseguinte como encargado de coordinar e controlar o cumprimento das medidas de seguridade esixidas neste anexo e pola lexislación de protección de datos.

“La Caixa” comprométese a comunicarlle á EMPRESA calquera cambio producido na identidade do responsable de seguridade.

#### Auditoría regulamentaria

“La Caixa” realizará unha auditoría con periodicidade bianual para verificar o cumprimento do Regulamento das medidas de seguridade, dos procedementos e das instrucións vixentes en materia de seguridade.

#### Identificación e autenticación

Ademais de cumprir coas condicións expostas para o nivel básico, os identificadores de acceso ós sistemas de información de “la Caixa” que traten ou almacenen os datos propiedade de EMPRESA serán personalizados de forma que se identifique inequivocamente a toda aquela persoa que intente acceder a eles e se verifique a súa autorización.

“La Caixa” disporá dun sistema mediante o cal ós tres intentos de acceso non autorizado, o sistema bloquea á persoa usuaria evitando novos intentos de acceso.

#### Control de acceso físico

“La Caixa” disporá dos medios de seguridade necesarios para controlar o acceso físico ós edificios, locais, salas, almacéns onde estean situados os ficheiros automatizados ou soportes propiedade de EMPRESA para que soamente o persoal autorizado teña acceso eles.

#### Xestión de soportes

“La Caixa” disporá dun sistema de rexistro de entrada e de saída dos soportes informáticos que EMPRESA lle proporcione. Os ditos controis especificarán o tipo de soporte, o emisor ou o destinatario, o tipo de información que contén, a data e hora de recepción ou entrega e a forma de envío.

Así mesmo, “la Caixa” comprométese a eliminar e borrar a información de todo soporte que conteña datos propiedade de EMPRESA que teña que ser refugado, de maneira que se impida a súa recuperación posterior.

#### Rexistro de incidencias

No rexistro de incidencias creado exclusivamente para os ficheiros de EMPRESA, ademais dos requisitos expostos para o nivel básico, “la Caixa”



rexistrará tamén a persoa/departamento que realizou o proceso de recuperación dos datos, os datos restaurados e, se é o caso, os que foi necesario gravar manualmente.

EMPRESA polo presente, autoriza a "la Caixa" á execución dos procedementos necesarios para a recuperación dos datos no suposto de incidencias.

#### Probas con datos reais

Para as probas anteriores á implantación ou modificación dos sistemas de información que traten ficheiros con datos de carácter persoal propiedade de EMPRESA, "la Caixa" utilizará un sistema similar de probas ó utilizado para os datos da súa propiedade.

#### Prazo de implantación

"La Caixa" afirma ter implantadas as referidas medidas de nivel medio con anterioridade á entrada en vigor do contrato do que forma parte este anexo, e obrígase a mantelos durante toda a súa vixencia.

### **ii.iii Nivel Alto**

"La Caixa" implantará e manterá para o tratamento de todos os ficheiros automatizados, propiedade de EMPRESA, considerados de NIVEL ALTO polo Real decreto 994/1999, as medidas de seguridade esixidas para o NIVEL BÁSICO e MEDIO, así como as que se expoñen a continuación:

#### Distribución e soportes e telecomunicacións

Todos aqueles datos persoais considerados de nivel alto, que residan en soportes e que deban ser distribuídos ou transmitidos, deberán estar cifrados para garantir a súa confidencialidade e integridade.

A transmisión destes datos a través de redes realizarase tamén garantindo a confidencialidade dos datos.

#### Rexistro e control de accesos

"La Caixa" rexistrará toda a información necesaria de maneira que poida coñecerse o ficheiro accedido, a persoa usuaria, a data e hora del, o tipo de acceso exercitado e se foi autorizado ou denegado.

No suposto de acceso autorizado, "la Caixa" gardará a información que permita identificar o rexistro accedido.

O responsable de seguridade nomeado por "la Caixa" será o responsable da non desactivación dos mecanismos de control de acceso. Así mesmo e cunha periodicidade mensual, revisará a información de control rexistrada e elaborará un informe das revisións realizadas e problemas detectados.



“La Caixa” almacenará esta información por un período mínimo de dous anos, durante o cal lle poderá se requirida por EMPRESA:

#### Copias de respaldo e recuperación

“La Caixa” que trata nos seus sistemas de información datos de carácter persoal propiedade de EMPRESA conservará unha copia de respaldo e dos procedementos de recuperación destes nun lugar diferente daquel no que se atopen os seus equipos informáticos, lugar que deberá cumprir en todo caso as medidas de seguridade de nivel alto esixidas neste anexo.

#### Prazo de implantación

“La Caixa” obrígase a cumprir as ditas normas de seguridade dende a data de sinatura deste convenio, e obrígase a mantelos durante toda a súa vixencia.

#### **ii.iv Acumulación de medidas**

A adopción de medidas para o tratamento de datos dun nivel, comporta a obriga de “la Caixa” de manter e cumprir as medidas de nivel inferior.

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego





### **ANEXO VIII - LOGOTIPOS, MARCAS, SIGNOS DISTINTIVOS**

Reproducir logotipos, marcas e signos distintivos que se incorporarán á web do Concello para que sirvan de ligazón ó portal de "la Caixa.

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



### ANEXO X- LIQUIDACIÓN E COMUNICACIÓN

As datas de liquidación establécense nos días 5 e 20 de cada mes ou seguinte día hábil se algún dos establecidos fose festivo.

Quincenalmente, o quinto dos días hábiles posteriores ás datas de liquidación, efectuarase o traspaso da recadación efectuada na quincena, da conta restrinxida á conta ordinaria indicada polo organismo para quen se recada.

Para ese efecto, consideraranse inhábiles os sábados.

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego



### ANEXO XI- RETRIBUCIÓN

O servizo non estará remunerado.

Este anexo revisarase anualmente.

Polo Concello  
O ALCALDE

Por "la Caixa"  
DELEGADO XERAL a CAIXA EN  
GALICIA

Asdo. José C. López Orozco

Asdo. Marc Arthur Benhamou Gallego